

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALLEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA A LOITA CONTRA A LEUCEMIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

O Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizou en data 20.05.2026 coa Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20.05.2026 ata o 31.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo *“realizarás as accións oportunas conducentes ao desenvolvemento do Rexistro de Doantes de Medula Ósea (REDMO) na Comunidade autónoma de Galicia.”*

Deste xeito, e segundo o estipulado polo Convenio *“...o Servizo Galego de Saúde, a Axencia e a Fundación colaborarán na mellora da atención sanitaria dos pacientes residentes na Comunidade autónoma de Galicia que precisen transplante de proxenitores hematopoyéticos (células nai)”*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

“Que a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, mantén e xestiona o Rexistro de Doantes de Medula Ósea (“REDMO”) recoñecido polo Ministerio de Sanidade e Consumo segundo o Acordo Marco do 13 de Xuño de 1994. Este rexistro atópase integrado no Rexistro Internacional de Doantes de Medula Ósea e representa a España no devandito rexistro.”



“O Convenio coa Fundación Internacional Josep Carreras, para o desenvolvemento do programa de transplante de proxenitores hematopoyéticos de doantes non emparentados, formalizado o 13 de agosto de 2025 (BOE Núm. 203 do 23 de agosto de 2025), cuxo obxecto é manter a colaboración existente entre o Ministerio, a Organización Nacional de Transplantes (ONT) e a Fundación no marco do programa de transplante de proxenitores hematopoyéticos de doantes non emparentados, afianzando a integración das actividades do REDMO coas do Sistema Nacional de Saúde e dos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas, dispón na súa cláusula segunda que “Os Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas que desexen acollerse a este Convenio, deberán asinar un posterior convenio coa Fundación sobre a base e principios deste Convenio. Nos devanditos convenios específicos concretaranse os obxectivos específicos a conseguir, as condicións técnicas e as medidas para aplicar para o logro dos mesmos, os recursos económicos necesarios e os órganos responsables do desenvolvemento das actuacións”.”

“O Servizo Galego de Saúde vén colaborando desde hai uns anos coa Fundación co obxectivo de garantir o desenvolvemento do REDMO na Comunidade Autónoma de Galicia, así como mellorar a atención sanitaria dos pacientes residentes na nosa comunidade que precisen transplantes de proxenitores hematopoyéticos mediante o fomento da doazón voluntaria e utilización dos laboratorios de histocompatibilidade para a realización de tipificación HLA aos candidatos a doante, que na actualidade a responsabilidade recae na Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como centro de referencia desta tipaxe.”

Ademais, a axencia, creada polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, e posta en funcionamento o 1 de xaneiro de 2016, é a encargada de manter o rexistro de transplante de proxenitores hematopoéticos, así como de informar e promover a doazón voluntaria de proxenitores hematopoéticos (células nai).”

“Que ambas as partes desexan formalizar mediante o presente Convenio os obxectivos, as actividades e os medios para o desenvolvemento das funcións encomendadas a cada unha delas, en orde a unha mellor atención dos pacientes da Comunidade autónoma de Galicia necesitados dun transplante de proxenitores hematopoyéticos (TPH) procedente de doante non emparentado.”





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase en memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A Secretaria Xeral Técnica

Natalia Lobato Mosquera

